Compostela, 21 - II - 72

Querido Luis:

Hoxe póñoche duas liñas apresuradas para informarte de unha boa noticia: xa temos catedrático titular de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Compostela. Na semana pasada celebráronse en Madrid as oposicións, que Ricardo Carballo Calero ganóu brillantemente. Eu asistín aos exercicios – e moitos amigos – e resultaba emocionante. Tres dos exercicios foron en galego. O tribunal estaba formado por Moralejo, Moreno Báez, Zamora Vicente, Alarcos e Filgueira como presidente (por renuncia de Dámaso Alonso).

Saúdos garimosos a Maruxa e de Isabel para os dous. Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

Como o Carballo é amigo teu, por si lle queres escribir mándoche o enderezo:

Carrera del Conde, 4 - 1º
Santiago de Compostela